

OBRAS DO AUTOR

Poesía:

Ao pé de cada hora. 1967

Tempo de Compostela. 1978

37 debuxos para un país
(textos). 1985

Obra poética (ademais con
Poemas de amor a Xulia e
As palabras e os días). 1993

Pegadas no alcatrán (pla-
quette). 1994

Cidade virtual. 2003

Narrativa:

Os misterios de monsieur
D'Allier. 1993

Ensaio xornalístico:

De Onte a Hoxe. 1993

Crítica literaria:

Rafael Dieste. Vida e Obra
en lingua galega. 1995

Tradución:

Viaxe por Galicia. 1993
(De “The Bible in Spain”,
de George Borrow).

ISBN 84-96203-99-9



9 788496 203990

Cantos de ausencia • Elexías (1959-2002)

Cantos de ausencia

Elexías
(1959-2002)

Salvador
García-Bodaño



Salvador García-Bodaño Zunzunegui (Vigo, 1935) pertence á Xeración das Festas Minervais e na lírica ten achegado á nosa literatura unha obra orixinal e anovadora. Formouse en Compostela e desenvolveu dende alí un dilatado labor de expansión cultural. Membro da Real Academia Galega, do Pedrón de Ouro, e cofundador do Museo do Pobo Galego, do PEN Clube, da A. C. O Galo, etc. Premios: Primeiro en Poesía galega e castelá nas Festas Minervais, 1959. Da Crítica española (Poesía galega), 1978. Xunta de Galicia (Creación cultural), 1988. Da Crítica española (Narrativa galega) 1993. E *O escritor na súa terra*, da AELG, en 2004.



Cantos de ausencia

(Elexías 1959-2002)



© Promocións Culturais Galegas S.A.
© dos textos Salvador García-Bodaño

Maquetación: Carlos Soaxe
Debuxos: Pepe Carreiro

I.S.B.N.: 84-96203-99-9
Dep. Legal: VG-659-2004

Imprime: Comercial Gráfica Nos, S.A.
Príncipe, 22 36202 Vigo

Salvador García-Bodaño



Cantos de ausencia

(Elexías 1959-2002)

A NOSA TERRA





Limiar

Diante vosa, como unha arca, a voz poderosa daquel que se nos ofreceu sempre co corazón enteiro da patria; diante vosa, un agasallo de verbas que reavivan a memoria, agora que no libro da vida as follas van pasando sobre o atril das lousas, sen que un se dea conta.

Velaquí de novo a poética incofundíbel de Salvador García-Bodaño, ese alguén que vén de lonxe deixando entre nós un lampo de beleza e, por tanto, de verdade; desde o berce íntimo do barrio de Teis, desde o sosegado paseo da Alameda santiaguesa, regresa o escritor, poeta ante todo, mais non só. Porque Salvador vén deixando a súa pegada de entusiasmo en numerosas empresas e proxectos, en mil e un soños colectivos, máis dos que pode acoller a brevidade deste limiar.

Para nosoutros, que falamos en nome dos compañeiros escritores e escritoras que dan pulo á casa común da AELG, é motivo de ledicia podermos celebrar hoxe a saída á luz destes *Cantos de ausencia*, agora que Salvador decide reencontrarse coa lembranza da nai no mar atlántico, e soña a sombra dunha árbore por el amada, e pousa derriba da pedra do



país o fulgor dun hendecasílabo, con dous corazóns nun mesmo peito, Vigo e Compostela, porque el sabe, desde antigo, que Galiza segue a ser un sulco aberto e infindo, sen fronteiras nin valos.

Sexa este, pois, un adro alegre para un libro elexíaco, un ámbito comunal onde saudamos o canto dun creador que nunca rexeitou o compromiso coas angueiras culturais e políticas que foron e van facendo, ás veces a pesar de nós mesmos, unha patria de esperanza; saudamos ao creador, pero tamén á persoa, ese ser máis íntimo que se cadra só agarda a alegría de ter alguén amado ao seu carón, con dozura lene, mentres un trovador recita fronte ao mar versos de lume que arden no sangue:

“GRAZAS LLE DOU Á MIÑA NAI LEMBRADA
POR VIR NACERME AO ABEIRO DESTA TERRA,
DESTE FERMOSE MAR E DESTA FALA”

A terra, o mar e a fala dunha Galiza que albiscamos verdadeira.

Neste volume, de edición especialmente coidada e que dá mostra do alto nivel diagramático de A Nosa Terra, recóllese baixo o título de *Cantos de ausencia*, unha serie de composicións poéticas da miña autoría, de carácter elexíaco ou a xeito de nenias, de diferentes rexistros estilísticos e formais, comprendidas entre os anos de 1959 e o 2002. Non se pretendeu en ningún momento realizar unha colectánea exhaustiva, xa que ao longo de tan dilatado período cronolóxico algunhas delas non me foron doadas de atopar, ou se perderon cos seus orixinais e resultan hoxe absolutamente irrecuperábeis.

As que dan contido ao presente volume foron reunidas a partir de distintos poemarios e de distintas publicacións literarias ou de xornais, sendo nalgún caso revisadas e mesmo obxecto de calquera variación, cunha ordenación polos anos correspondentes á súa escrita, como se indica cun número situado de par do nome da persoa a quen vai destinado o poema.

Os cantos elexíacos son lembranzas dende o sentimento da ausencia e da morte. Son recordo sentido dunha perda. Memoria de nós. E a memoria fai a Historia.

Salvador García-Bodaño



¡Mais quen sabe a onde van as nosas mágoas!



*A Ramón Cabanillas,
poema coral para a túa morte.
1959*

I

Esta noite ben quixera un corazón inmenso

para chorarte quedamente
nese non ser xa
que treme nas túas cousas.

Esta noite, á beira do sono,
dóeme que o tempo asolague
ese poema sen nome
que a túa ausencia tece aquí, agora,
neste instante
no que ti xa non es certo
ao pé do teu destino.

¡Mais quen sabe a onde van
as nosas mágoas!

El dorme na memoria das raíces...

Un devezo de liberdade levoute a outros eidos
e penetrácheste de terra como un río
para sempre sen ninguén.

*Na súa morte pecháronse
os camiños e os sonhos...*

Agora o teu silencio apaga en ningures
o ecoar lene do noso pranto senlleiro.



*Xa nos piñeirais máis ignorados de Galicia
o serán tecerá un pranto de mágoas*



Na súa morte pecháronse os camiños...

Unha música vaga tanxe no aire
a cantiga fonda da túa partida sen volta,
e todo te chamará, inutilmente,
buscándote no teu nome
por esta beira de ti mesmo.

*A nada aniñou nos seus ollos doridos
e a luz se lle foi por unha senda secreta
que ignoran os faros...*

E as fouces serán quen refulxan
no tempo da sega,
mentres a nosa esperanza rube aos cumios
para se perder en Deus...

II

Xa as mareas da Arousa terán de lembrar agora
o teu nome
entre as escumas máis lenes do teu silencio.

Xa nos piñeirais máis ignorados de Galicia
o serán tecerá un pranto de bágoas,
de adeuses
e de iscas...

Os beizos garimosos da brisa do Outono
saben da túa morte
e levarán cara aos meridianos derradeiros
o eco esmorecido
da túa voz chea de terra.



*Os velames das dornas máis antigas
andarán a debuxar por todos os amenceres
estraños camiños*



Ergueito na túa ausencia como un mastro,
eu sei
que os velames das dornas máis antigas
andarán a debuxar por todos os amenceres
estraños camiños
que te han procurar en balde.

Con teima feriute a eternidade
e fuxiches cara á morte quedamente
a soas contigo
dende os teus versos.

Mais vai xa nos sucos a túa semente.
Xa nas sementeiras anda a xermolar
esa palabra que se che foi dos beizos
denantes que ninguén a oíse.

Noso por sempre,
retornarás ao país da túa fala
para pousarnos no corazón
a espiñenta flor da liberdade.



*No corazón aniñabas un anaco da terra
que anceiaba a terra*



*A Ramón Cabanillas
1960*

Na terra

un silencio infindo levoute a ser terra
á beira dun mar que fuxía da terra.

Terra.

No corazón aniñabas un anaco da terra
que anceiaba a terra.

Terra.

O vento e o mar fuxían contigo da terra.

Xa eras terra camiñando á terra
nas mans dos mariñeiros color da terra.

Terra.

O pranto as mulleres percorría a terra
levando os teus versos cheos da terra.

Terra.

No horizonte da terra
unha fouce esquecíase entre a terra.

Terra.

Sóbor da terra
aínda un soño te procura baixo a terra.

Terra.

O mar e o vento lonxe da terra...



*Xa es sombra de espellos vougos
na baleira estancia de esquecidos nomes*



A Luís Pimentel.
1962

De súpeto a voz de Deus chamoute lonxe

e un silencio infindo fíxote noso

baixo as pálpebras todas

que aínda te choran.

Oremus.

Xa es sombra de espellos vougos

na baleira estancia de esquecidos nomes.

Xa es ausencia espida ao pé dos candelabros

e de todas as raíces que te apreixan.

Xa es ti mesmo, ou Luís, e para sempre.

Para sempre xa a procurar na terra

o senso derradeiro que teñen as cousas.

Para sempre xa a te entobar na morte

como nun ámbito novo

onde te estender sen mágoas.

Para sempre xa como un anxo durmido

na cornixa longa do teu non ser...

E a nena pobre bailar á para ti deica o fin das idades.

E a noite será un piano escuro

con música de estrelas.

E o vento arrincará os domingos dos almanaques

para que o tedio non sexa contido endexamais.



*Ti dirás, entón, que a morte é fermosa
e nós calaremos
para non te saber ausente.*



E terás unha escalinata de escumas
baixo un reloxo inmóbil
a onde Ela virá para te agardar
recollendo no seu mandil
un ramo de versos...

Ti dirás, entón, que a morte é fermosa
e nós calaremos
para non te saber ausente.

Despois —para alá das rosas brancas—
xa non serás máis
que esa vaga e tan lene
sombra do aire na herba



*Dicir hoxe ronsel, Rosalía,
é dicir fonda soidade ou amargura...*



A Rosalía Castro.
1963

Alas de ausencia te abranguen

na longura ceibe dos meridianos...

Xa non es máis que un nome
a lle pór orelas aos camiños
e ás sombras,
unha verdade indestrutíbel,
un credo
e un norte ou esperanza que nos alenta
na fuxida, ás veces sen volta,
cara as terras do pan.

Dicir hoxe ronsel, Rosalía,
non quere dicir gaivota ou escuma,
ledicia das ondas
ou dorna a bolinar.

(As palabras perderon xa
aquele senso puro
que para nós tiñan)

Dicir hoxe ronsel, Rosalía,
é dicir fonda soidade ou amargura,
auga ferida de fame
ou tamén
remuíño de adeuses
sobre do mar...



*Non houbo galos
para a mañá triste dos seus ollos mortos.*



*A Alexandre Bóveda,
no derradeiro amencer.
1964*

Non houbo galos

para a mañá triste dos seus ollos mortos.

O home da cor da herba ben o sabe
e sábeo o río
e o arado
e os montes e os vimbios tamén o saben.

Non houbo galos...

O vento secou a súa palabra derradeira
e repetiuna por todas as cunetas
e por todos os homes mortos
ao pé dos decámetros.

Deus estaba alí.

Omnipotens Deus
en cada ferida asasinado
como un *danger* para as bandeiras
que se erguían vitoriosas.

Deus, Un e Trino, entre as árbores
testemuña silandeira
e, sen embargo,
non houbo galos.



*E ti pasarás...
a ir sempre máis alá cara á última soidade.*



*A Carlos Maside.
1964*

De novo voltas do teu alén de paisaxes mortas,
joh, presenza lene de espidas sombras
no solpor que se vai!

De novo voltas
e pasarás de novo,
baleiro de ti,
ceibe xa na liberdade infinda.

E ficarán aquí as túas palabras
inmóbiles na esperanza
e no sangue todo que te lembra.

E ti pasarás...
a ir sempre máis alá cara á última soidade.

E nós andaremos a te saber por unha rúa imposíbel
debaixo da ala gris do teu sombreiro.

E os galos das torres cantarán ao teu paso
insólitos abrentes que ti non oirás.

E o silencio será unha oración
que te nomea nos camiños.

E ti pasarás polo noso pranto
cunha ollada longa
que encherá a tarde.



*... onde quizais un día tamén, quen sabe,
terás de debuxar
a man de Deus.*



E nós andaremos a te agardar
cos brazos en alto como ramos.

E ti irás cara aos teus eidos
a te perder lonxe nun remanso
onde quizais un día tamén, quen sabe,
terás de debuxar
a man de Deus.



*a nós pertencen,
as maduras espigas derramadas,
os reflexos daquela auga tan triste...*



*A Antonio Machado,
nos reflexos daquela auga tan triste.
1965*

A morte polos campos e as palabras.

O silencio da morte
como un can que nos lambe as mans
e as molla de tristeza,
o silencio a embazar o teu nome
de fronte ao mar amargo de Colliure.

Tralas cortinas do aire
mesmo alguén quixera
—certamente—
que non fosen gardados
os grans da túa morte,
desa morte que aquí chegou tamén
a medrar nesta patria e nestas penas.

Mais é que son de nós unha por unha,
a nós pertencen,
as maduras espigas derramadas,
os reflexos daquela auga tan triste
e esta soidade a vir do firmamento
que temperará as mañás vindeiras.



*Altas aguias de sombra e de pedra
caerán
mortalmente feridas sobre os campos...*



De nós a xuventude e a agarda,
o sendeiro que abrimos no deserto,
a esperanza que queima na ollada,
o ronsel das ausencias
e a voz que se nos alza en profecías:

Altas aguias de sombra e de pedra
caerán
mortalmente feridas sobre os campos,
feridas mortalmente das palabras
malferidas de sombra
e polas aguias...



*tenso a miña palabra
e dispároa
á busca da túa luz...*



*A Che Guevara
en loita dende as selvas do alén.
1967*

quero mirar a luz na que caíches

e alzar a miña man
pechada en puño
apertado de rabia como pedra

quero mirar a luz na que te fuches
a luz
a luz do abrente que te acolle
neste outono de sangue alá na Higuera

non as sombras
as sombras que escurecen
o claror das vitorias e dos soños
na ansiada liberdade das ideas

non

non á negra noite da opresión
á noite da tortura
e máis do medo
non á dor non ao loito e á miseria

ollo a túa luz ergueito nesta cova
neste ichó
no que estamos prisioneiros
e a túa luz nos redime e nos libera

compañeiro
irmán e compañeiro
tenso a miña palabra
e dispároa
á busca da túa luz

contra das tebras



*as pegas da tristura
que aniñaron un día
no mainzal sen lindeiros da túa ausencia...*



*A Rosalía Castro,
campesiña na eternidade.
1972*

Nesta chaira da noite pecha en Bastabales,
recanto escuro
dun longo camiñar ás voltas pola vida,
apousan malferidas como adeuses
as pegas da tristura
que aniñaron un día
no mainzal sen lindeiros da túa ausencia...

Hai un río de tebra e de silencio
para alá das bidueiras
que se vén cara nós dende a fondura
do teu calar espido,
nese vagar sen corpo
que anda a se repetir no vento.

Negra sombra,
fume nas tellas,
estrela no amencer derrubada,
figueira xa sen froito
nin merlos
nin solpores
para sempre no teu soño florecendo
baixo da fouce branca do luar.

Compañeira do meu pobo, estadea
de panos brancos e lucentes,
vagalume
chantado no silencio do monte



*Nas bátegas da choiva sobre as pedras
sinto brincar
os cabaliños de auga nova*



como un berro de luz
a tremer nas silveiras...

Nas bátegas da choiva sobre as pedras
sinto brincar
os cabaliños de auga nova
que o aire leva e trae
como pingueiras do teu ser
no pensamento.
Levo diante de min o teu pasar
como un guieiro distante
a xurdir dende a lama cara ao alto
e ser lóstrego ou berro
da miseria que pace nas devesas.

Cavarei eu contigo
un profundo burato na memoria
e xuntos
soterraremos, sen música nin himnos,
as palabras
que quixeron dar cabo á nosa Historia.

Faremos, logo, espadas de papel
cos almanaques
e iremos campo aberto nunha loita
que encherá de cadáveres de xornais
as prazas, os rueiros e as congostras...

Volverás outra volta
ao teu abeiro
para seres como antes eras:
unha rula de néboa na solaina
malferida de penas
e solpores...



*... qué senso pode ter o destino
cando a raíz da nada
medra por nós adentro.*



Mais olla, agarda, espreita,
mira co teu ollar baleiro
esa vida que tes para aquí da morte
e na campía extensa sinte
o derradeiro estalo dos foguetes
pregoeiros da túa distancia.

Regresa, escoita,
algo está a lle dar un novo senso
ás camelias do pazo
e hai que chantar espiños
e espadanas
para que medren ceibes como noutroira.

Escoita, dime se é posíbel saber
qué senso pode ter o destino
cando a raíz da nada
medra por nós a dentro.

Ergue esa túa voz de camposanto
e fálame,
fálame para que eu saiba
da feble realidade da túa ausencia,
do teu dicir de liño áspero,
da verdade que gardas
nese secreto alén onde esmoreces...

Procura no horizonte largacío
sons novos que eu comprenda
e fálame por toda a eternidade,
fálanos
ata que a nosa voz se confunda coa túa
máis alá desta terra onde a morte
quizais sexa o camiño á liberdade.



*a tua palavra
vai solta
na rompiente...*



*A Castelao,
dende a beira do mañá.
1974*

**Non,
a morte non é verdade.**

Escoita:

a túa palabra
vai solta
na rompente
permanente
da loita...

Olla:

a esperanza
rebenta
no aire
como unha papoula.

**Non,
non é verdade.**

Repara:

na miseria
das airas
a fame é unha lanza.

Non é verdade.

Cala:

son cousas da vida
ti e mais nós
Atila
o silencio que fala.



*... o mañá
ven coa amañecida.*



Non.

Vixía:
o mañá
ven coa amañecida.

**Non,
non é verdade.**

Agarda...
todo está á espreita
baixo a tona da calma.



*... dende a túa incorpórea presenza
mirarás pasar os ríos cara ao lonxe*



*A Pablo Neruda.
1975*

Dende esta miña patria tan distante,
tan ferida de ausencias
e tan magoada de soidades,
dende aquí che falo, Neruda, amigo
e compañeiro do Mundo xa por sempre...

A Morte
non é un tempo negativo
que en inútil circunstancia se nos abre,
é a plenitude da Vida que se entrega,
o comezo total da Liberdade,
a palabra
e a memoria
que entre todos se reparte

Así entón, como se nada ou todo
se cumprise aínda
ou sucedera nunca,
como se de novo se pegasen
as follas de todos os almanaques,
eu sei que vives e as vivir
eternamente
—múltiple xa e dividido—
nese teu gran ser universal
que a cada instante te reconstrúe...

Ergueito,
dende a túa incorpórea presenza
mirarás pasar os ríos cara ao lonxe



*... esgazando o aire limpo dos cumios
solemne como unha bandeira.*



como himnos en triunfo permanente
e sentirás ao cóndor
na súa altura
esgazando o aire limpo dos cumios
solemne como unha bandeira.

Escoitarás, tamén, como bate o pulso
dos que agardan,
como rebenta a esperanza nos sucos
e nas pólas
e como un novo mañá achégase
por riba da sombra gótica das baionetas.
Ninguén máis ca ti
saberá que non existes.

Gardaremos no noso dentro o teu segredo
e ti virás dende a terra dos ausentes
cada día
a berrar connosco no vento:
¡Patria ou Morte!
nesta nosa longa
canción desesperada.



*¿Que escura soidade encherá as alcobas,
que tan vaga ausencia
virá recoller o silencio das cousas...*



*A Ramón Otero Pedrayo,
para sempre un outeiro de pedra.
1976*

Estrondan antigos dolmens

nas chairas da patria enteira
e chaman os sinos a defuntos
ao longo de todas as serras...

O réquiem do vento resoa
solemne nas torres baleiras
e a noite reviste de negrura
os eidos da dor inmensa.

—Algo de nós vai contigo,
algo que contigo enterran.

¿Que vougo de abrentes imposíbeis,
que nova irreal presenza
andar á renxer as táboas do pazo,
nas albas vindeiras,
no morno baixar dende o sono
sobre o sono inxel das madeiras?

¿Que escura soidade encherá as alcobas,
que tan vaga ausencia
virá recoller o silencio das cousas,
nestora senlleiras,
na anónima poeira dos recordos
que nelas se quedan?

¿Que aire estantío gardará



*¿E quen nos sairá a recibir
coas súas palabras como unha ferverza?*



a túa esvaecida existencia
chamando aos amigos
ao pé da solaina agora deserta?
¿E quen nos sairá a recibir
coas súas palabras como unha fervenza?

¿Que nova esperanza
virá bater outras mareas
nos ásperos cons senlleiros,
nas áureas areeiras
e nese pasado sen volta
que a tarde contigo leva?

¡Ah, cando será que alguén volva rachar
esta dura codia de paciencia
que recubre os campos e os casais,
as vellas devesas,
as pobres labradas
e todo este mundo que te lembra!

Devalar —¿recordas?—,
camiños da vida, os señores da terra,
o mesón dos ermos,
Nós, entre a vendima e a castañeira...
¡Vaise de nós algo contigo,
algo que contigo enterran!

Galicia, velliña, cala
na moura soidade das serras.



*Nos cons da baixamar as gaivotas
velan a túa morte*



*A Ramón Cabanillas,
a palabra no vento mareiro.
1979*

Nos cons da baixamar as gaivotas

velan a túa morte
embaixo da luz branca das estrelas...

¿Que man na eternidade alza
esa fouce esquecida
nos eirais da paciencia?

O himno triunfal dos mortos
virá coa amañecida
atronando ás conciencias,
espertando ás cidades,
ás vilas,
ás aldeas,
e as papoulas
rebentarán nos campos
no preludio da sega.

O verán é un tempo
de esperanza
despois da sementeira.

Vai como un can sen dono
o silencio
dunha ausencia cara a outra ausencia
a procurar-te
nos lindes imposíbeis
do soño en liberdade que te leva.



*... un novo ritmo que encherá a patria
cunha loita total e imparábel
como as mareas.*



Mais volverás un día, volveredes,
a dar fe sobre os eidos
desa arela de ser que nos negan.
E as palabras entón
terán un novo senso,
un novo ritmo que encherá a patria
cunha loita total e imparábel
como as mareas.



*¡Camiñante de soños, peleriño
nos esgrevios vieiros da verdade, ...*



*A Aquilino Iglesia Alvariño.
1979?*

Baixo da terra dormes silandeiro

como a raíz dunha árbore que prende
nos eidos da memoria e que transcende
a aquel día de vran xa postremeiro.

¡Oh, luz estremecida no baleiro
ámbito dos teus versos cara ao Alende!
¡Oh, sombra onde o cantar vai e se estende
a ser eco final e duradeiro!

¡Camiñante de soños, peleriño
nos esgrevios vieiros da verdade,
viaxeiro de amenceres, albariño

soñador polos campos da soidade,
nenias do corazón ao teu camiño
calando para sempre eternidade!



*No ritmo da túa ausencia
viva case
e palpitante...*



*A Luís Seoane,
exiliado na morte.
1979*

Alguén pronunciou o teu nome
na solaina da tarde
e os recordos
foron acudindo en nós
dende a túa remota distancia.

Na brétema Santiago
a ollar enviso na eternidade
o antigo camiño dos mortos:
ti vas sen volta
máis alá de ti mesmo
co teu fardelo no lombo
ateigado de nostalxia.

O pouso das túas palabras
quenta a sala do silencio
abeirada de libros
e de cadros
talmente como se aínda te foses
apenas hai nada.

No ritmo da túa ausencia
viva case
e palpitante
a tristura non é máis
que o primeiro compás
para un canto de esperanza.



*E nos queda a túa mensaxe
nos valados
rebotando de formas
e cores...*



E nos queda a túa mensaxe
nos valados
rebentando de formas
e cores
irta e solemne como unha lanza.

—as ondas do noso mar
bulen a ser aire
na inmensa soidade das pampas...



*Pola estancia abandonada
recende o aire a mazáns,
recende a mazáns douradas...*



*A Álvaro Cunqueiro,
entre libros e mazáns douradas.
1981*

Polas sendas da alborada

albafor, romeo e xarxa.

¿Álvaro u é?

Na beira do pumariño
flores de silencio antigo.

¿Álvaro u é?

Na sombra do laranxeiro
doído cantar dos merlos.

¿Álvaro u é?

Na beira do pumariño,
na sombra do laranxeiro,
baixo os acios do albariño
onde doura o sol mareiro,
onde doura o sol mareiro
Álvaro non é.

Pociñas de auga parada
nos camiños da luzada...

¿Álvaro u é?

Pola estancia abandonada
recende o aire a mazáns,
recende a mazáns douradas...



*... como polo oco dunha escaleira
que levará
eternamente para ningures.*



A Rafael Dieste
1981

Porque xa non sei se esta terra é mais nada
que un lugar fermosísimo
onde morrer.

Caer, se cadra, de súpeto,
máis alá da vida, Rafael,
ata se perder un lonxe de si mesmo
como polo oco dunha escaleira
que levará
eternamente para ningures.

Despirse da existencia
bruscamente
como se acordamos dun soño
no que se extinguira toda memoria,
no que rematara, de vez,
calquera esperanza.

Porque xa non sei se esta terra é máis nada
que un lugar fermosísimo.

Deixar nas fiestras do aire
o vougo absoluto
da propia imaxe
e agardar quizais
que a patria se proxecte verdadeira
no espazo do noso silencio.

Porque xa non sei.



*a fraga dos meus soños, joh, dozura
de cantigas nas airas!, inxel, pura...*



*A Rosalía Castro,
dunha vivencia no pazo da Matanza
1985*

... pois que vés como a choiva e maina anegas

a fraga dos meus soños, ¡oh, dozura
de cantigas nas airas!, inxel, pura
música pantasmal que así me chegas.

Ao abrigo do chal, na noite a cegas,
vas vagando no pazo coa amargura
de sentir lonxe xa a túa tenrura
de todo a canto tocas ou te achegas.

A morte é un mar sen volta que separa
todo aquilo que fomos do que é nada
no desamor que a ausencia nos depara.

¡Quen dera que da luz da nosa albada
tan sequera co tempo nos quedara
o brillar do silencio na xeadá!



*¿Que ardentes espirais ou celosías
nas formas do entrelazo te reteñen?*



*A Reimundo Patiño
¡Patiño, onde raios estás!
1986*

¿Que ardentes espirais ou celosías
nas formas do entrelazo te reteñen?
¿Que estraños labirintos te deteñen
no enigma das secretas xeometrías?

Á fronte das vangardas e utopías
as túas mans as bandeiras non sosteñen
e os recordos son só os que xa teñen
a forza do teu ser naqueles días.

Cun devezo total de liberdade,
nas rompentes da arte e mais na vida,
pola patria loitaches e a igualdade.

E deixaches no ar, en despedida,
un berro que te lembra na soidade:
¡Ceibe será Galicia e non vencida!



*Nas sombras veu a neve ata as xunqueiras
do río de silencio onde repousas, ...*



*A Eusebio Lorenzo Baleirón
1987*

Nas sombras veu a neve ata as xunqueiras

do río de silencio onde repousas,
alba do teu pasar lonxe das cousas,
por sudario palabras silandeiras.

Por sudario palabras nas xunqueiras,
lonxe do teu pasar, alba das cousas
no silencio de neve onde repousas,
río a levarte ás sombras silandeiras.

A casa aquí ficou e maila amada,
a cativa a medrar polos eirados
e a vida que deixaches e te espera.

Pensa un verso, a palabra desexada
e nela volve aos eidos ben amados
como se o que pasou non sucedera.



*Os poetas renacemos uns nos outros
dende as fontes da fala primixenia...*



A Celso Emilio
1988

Como un escuro sol de viño tinto,
alzo nas mans a cunca das ofrendas
e con ela esconxúroche da morte
e aquí mesmo convócote en presenza
para vires con nós, como noutrora,
a esta banda das horas que te negan.

Os arados do tempo van reabrindo
vellos sucos nas novas sementeiras...
Que a vida, tan fermosa que crecía
polas agras abertas das arelas,
veuse choída nun eido entre valados
para dar só colleitas de tristeza.

Os poetas renacemos uns nos outros
dende as fontes da fala primixenia
e levamos connosco a liberdade
e o corazón da loita e a beleza:
vento do pobo somos —di Miguel—,
somos patria —digo eu— que non se entrega.

E ti fuches a voz ceibe no vento
na noite aquela longa feita pedra,
a voz que daba nome ás nosas ansias,
a palabra precisa das miserias,
o berro da Galicia malferida,
o dedo sobre a chaga da paciencia.



*Por iso agora cómpre recordarte,
traerte dalá de onde te reteñan
a compartir connosco esta irmandade...*



Por iso agora cómpre recordarte,
traerte de alá de onde te reteñan
a compartir connosco esta irmandade
da vida que de volta recomeza,
e a defender o noso porque é noso
que de bos fillos é gardar a deixa.

Por iso é cousa agora de pensarte,
de facer o imposíbel por que veñas,
de che dicir: escoita, está Moraima
a te agardar na rúa das ausencias.
Volve, quero esquecer aquel silencio
da morte túa a entrar en Compostela.



*... miraremos de volta
o vougo brillar das grandes ventás
nos antigos cafés da túa ausencia.*



*A Carlos Maside,
nos signos do grafito.
1988*

¿Que gubias han tallar na cerna da tarde

aquelas horas, unha por unha,
ata que acaden
dunha vez para sempre
o gravado total que te reteña?

Buscaremos, aínda en balde,
nos papeis do pretérito
os debuxos máis fieis que te volvan a nós
talmente que daquela...

Nos ámbitos do teu remoto silencio
miraremos de volta
o vougo brillar das grandes ventás
nos antigos cafés da túa ausencia.

¿En que mesas de mármore estarán
os signos de grafito
que a túa man nos foi deixando
para seguirte
por tan gráfica senda?

Sen dúbida algún día pasarás
co sol da medianoite
levando á nosa patria debuxada
e a salvo
nun feixe de carpetas...



*Cando na tarde veña a ser lembranza,
pechade os vosos ollos e sentide
o ritmo do silencio a recordar...*



A Celso Emilio
1989

Cando na tarde veña a ser lembranza,
pechade os vosos ollos e sentide
o ritmo do silencio a recordar
o seu canto
parado na memoria.

Ide, despois, pasando
as cousas que el amou,
a pulsación da vida,
a dor irremediábel dos adeuses,
unha por unha todas as palabras,
os soños derrubados,
os signos do seu sangue
nas paredes do tempo,
e teredes entón diante de vós,
aberto como unha arca,
o corazón enteiro desta patria.



*A frouma da soidade
nos sendeiros do parque.*



A Luís F.V. Pimentel
1990

No alto da túa morte
álzase un mirador.

Flores de tedio e sombra
nos porches do silencio.

A frouma da soidade
nos sendeiros do parque.

¡Síntese a túa ausencia
vagando entre recordos
nos días xa sen tempo da memoria!

*Se cadra, nese vento tan salgado
que vén de par do mar, doce placenta,
volvas dende ese sono que te ausenta...*





*A Antón Avilés,
cun bico a Sofía.
1993*

Se cadra, nese vento tan salgado

que vén de par do mar, doce placenta,
volvas dende ese sono que te ausenta
e loites como outrora ao noso lado.

Poida que haxa un quizais non demorado
e tornes a esta terra onde se asenta
o teu verso de espuma e flor de menta,
o teu dicir da patria namorado.

Sexa ese o noso anxeio, ou profecía,
tal como cando Lela, a de Pastora,
coidaba de que a néboa te traería.

É mellor crelo así, fe soñadora,
e sentir nos teus versos a alegría
de térmoste entre todos... como agora.



*As amarguras ledas, soñadoras,
as ledicias amargas dos días idos, ...*



*A Eduardo Blanco Amor
1993*

Como flores de trapo eran as horas,
os risos en saudades revividos,
as rúas e os nomes xa perdidos,
tal presaxios
baleiras as auroras.

As amarguras ledas, soñadoras,
as ledicias amargas dos días idos,
e as hedras da soidade nos sentidos
a lle inzar polo ser aterradoras.

Pola ausencia fendido e pola guerra,
para o seu corazón —en dous crebado—
un mar soñou a ir de terra a terra,

un ecoar de si mesmo ensimesmado,
e unha voz nos adentros que lle berra
¡Auria!, a patria perdida no pasado.



*... habitante de soños libertarios
e creador doutros mundos dende a nada.*



*A Manuel Cuña Novás
1993*

Envolveita a palabra en luz escura

e cun erre na fala alá prendido,
como un monxe civil, xamais vencido,
puño en alto loitou coa ditadura.

Silandeiro eremita da cultura,
baixo o longo cabelo embranquecido
cun surrir sobre as tebras renacido
viu caír as bandeiras da impostura.

Foi tamén compañeiro e camarada,
habitante de soños libertarios
e creador doutros mundos dende a nada.

Nel se perden os novos fabularios,
testemuños da espranza esnaquizada
a alumar os camiños visionarios.



*... follas enxoiatas, flores denegridas
e o soar das palabras mudecidas
en ringleiras de soños e de versos.*



*A Miguel González Garcés
1994*

Volve a néboa ao xardín da casa antiga

que só existe nos días da memoria.
Xílgaros de alabastro sobre as pólas
e sombra nos vitrais da atardecida.

Fotos polas paredes do pasado,
íntimas esperanzas xa perdidas,
escenas familiares esvaecidas
e voces a vagar nos vellos ámbitos.

Un memorial de vida contra as horas,
contra un río de adeuses devalando,
a fuxir e a esquecer todo o que antano
foi presenza real e soñadora.

Presas por entre as láminas do tempo,
follas enxoiatas, flores denegridas
e o soar das palabras mudecidas
en ringleiras de soños e de versos.

Nada nunca ha volver ao que antes era,
ámbito de recordos e silencios,
cantos de vida alzándose nun templo
derrubado na patria da túa ausencia.

Volve a néboa ao xardín onde te evocan
esa calma da nada polas hedras,
ese non ser, Miguel, entre as arelas
e as tardes habitadas de noutroa.



*... no frontis que se alza en campanario
da luz por onde o tempo se constrúe.*



*A Luís Mariño,
habitante dun tempo que case foi verdade.
1996*

Todo arredor, as rúas

e os soños,
as palabras tamén da miña infancia,
a luz de tantos soles contra as pedras
e a chuvia
nun caer pola memoria
a luír imaxes vellas e perdidas...

O cine e o teatro xusto á beira,
na hora das agardas
e os pórticos.
As tascas e os cafés e os amoríos
e o berro dos grafitti nas paredes
e os libros e a arte e maila vida.

A santa alí no alto, empreñada,
o anuncio do dereito de refuxio
e a porta de metálicos apliques
no frontis que se alza en campanario
da luz por onde o tempo se constrúe.

A festa vén e achega, como o vento,
a risa
que rebenta nos cristais.

Son días para encher o corazón:
un gusto de ledicia
nas palabras
e acaso a convicción de ter vivido.



*... contra os muros do ceo
onde a túa morte medra
no silencio das hedras*



*A Roberto Blanco Torres,
canon a dúas voces cunha coda irónica.
1999*

a ennegrecer o vento

*grallar de loito e tebra
corvos na noite pecha*

corvos na noite pecha
arrincáronche a vida
España llo pedía

*España llo pedía
foi o crime perfecto
contra os muros do ceo*

contra os muros do ceo
onde a túa morte medra
no silencio das hedras

*no silencio das hedras
sobre o sangue vermello
o teu nome senlleiro*

**España cruel e negra
non lle pidas máis vidas
á España vermella**



*As neves courelás na fronte alzada,
a ollada tensa, envisa e soñadora,
en ritmo a voz, pausada e labradora, ...*



A Uxío Novoneyra
1999

As neves courelás na fronte alzada,
a ollada tensa, envisa e soñadora,
en ritmo a voz, pausada e labradora,
coa patria na palabra recreada.

No aire un ecoar da serra imaxinada,
nome a nome sentida alá noutroira,
todo un mundo que ama e rememora
en íntima vivencia apaixonada.

A esencia no dicir de cada cousa,
os eidos na raíz do ser inxel
e a terra toda enchéndolle a memoria.

Un vello soñador que xa repousa,
velaí ao Novoneyra do Courel
que fixo máis fermosa a nosa historia.



*Os velames izados contra o fondo da noite
nunha rota de faros derrubados
nas horas derradeiras.*



*A Manuel Antonio,
fronte aos camiños do mar
2000*

Os velames izados contra o fondo da noite

nunha rota de faros derrubados
nas horas derradeiras.
Acalado de sombras
e inmóbiles reloxos,
de sextantes de néboa,
sen os rumbos marcados nin tampouco destino,
perdido de ti mesmo,
cara á morte navegas.

Os velames ergueitos nos ventos imposíbeis.
Sobre das mans salgadas
no mar da noite pecha
salseiros de silencio.
As fiestras xa desertas
sen forzas para o adeus.
No horizonte da alcoba todo virou en calma,
só fican os teus versos
no compás das esperas...



*Non temos xa nin tempo
de sentir as palabras.*



*A Manuel Luís Acuña,
dende o corazón da memoria
2000*

Non temos xa nin tempo

de sentir as palabras:

ese ecoar de nos mesmos
contra os muros da nada.

¿Onde as fírgoas no vento
que traían ás lembranzas?

Raíces de esquecemento
ínzannos pola alma.

Gris, aquel gris baleiro
a pousar nas olladas.

Non temos xa nin tempo
de sentir as palabras.

¿Como volver en nós?
E a presa nos arrastra.

No fondo do silencio
un silencio vibrante que nos cala.



*... sempre co corazón na patria ausente,
co pobo sufridor, coa pobre xente,
libre fuches por fin da propia vida.*



*A Manuel Curros Enríquez,
no silencio do San Amaro
2001*

Na terra do alenmar, lar de acollida,
sempre co corazón na patria ausente,
co pobo sufridor, coa pobre xente,
libre fuches por fin da propia vida.

A liberdade era a túa medida,
a razón do teu ser —un ser valente—,
da firmeza dun canto consecuente,
da esperanza con todos compartida.

Verso a verso izouse a túa bandeira,
berro irado de fronte á tiranía
que che trouxo dolor e desventura.

Non tiñas —por fortuna— outra maneira,
outra arma contra tanta hipocrisía,
e cos versos loitaches con bravura.

Versos que conservamos como herdanza,
como signos de nós e de esperanza.



*Da parreira que está a carón da casa
caen as follas de óleo, mansamente,
por un tempo pintado que non pasa.*



*A Xavier Pousa,
diante dos seus cadros.
2001*

A túa man describiu a terra amada

nunha fala de formas e cores
que das propias entrañas che emanaba.

Vermellóns de cereixas e papoulas
verdes de piñeirais e de loureiros,
o marelo das flores das mimosas,

o marrón das castañas e dos regos,
os sienas do claror sobre das sombras,
o azul a gris cambiante dos teus ceos...

O vizoso perfil das carballeiras,
as liñas ondulantes dos regatos,
a presenza retorta das sobreiras.

E a luz, a transparente luz do aire
a fixar as distancias entre as cousas,
a reter os recordos máis amábeis;

as voces, a vagaren na paisaxe,
sen bocas e sen ecos que as pronuncien
na fondura dos lenzos pola estiaxe.

En cada cadro alí estás ti mesmo,
porque dicir Gioán é dicir Pousa,
é berrar patria nun total silencio.



*Séntense contos no banco de pedra
e nas adegas hai recendo forte
do mosto de caíño que fermenta.*




Da parreira que está a carón da casa
caen as follas de óleo, mansamente,
por un tempo pintado que non pasa.

Séntense contos no banco de pedra
e nas adegas hai recendo forte
do mosto de caíño que fermenta.

Os espazos da vida aínda te gardan.
Carmela, os teus fillos, os amigos,
no corazón te levan e te falan.

Es ti en todo aquilo que te lembra:
a túa vida e mais a túa pintura,
esa herdanza entrañábel que nos deixas.

E nas sendas de máis alá do tempo,
para sempre andador de eternidades,
xunto a ti nos terás co pensamento.



*vívida imaxe alzada en galerías
de luz cuadriculada baixo o ceo.*



*A Carlos Casares,
lembanza de Xelmirez, 15-4º (descriptio loci)
2002*

Na fin da rúa —en fronte— a casa alta
cun tellado en catro augas apuntado,
vívida imaxe alzada en galerías
de luz cuadriculada baixo o ceo.

Sempre aberto o portal, por aquel tempo,
de follas en escuro coloreadas
e finas portas brancas con cristais,
máis a dentro, camiño da escaleira.

Inda abaixo, chegaba na penumbra,
ás veces, o olor da carboeira
ou dos chanzos fregados de había pouco
e do lar fraternal de alá da cima.

O claror aumentaba ao ascendermos,
ata facerse intensa claridade
no tramo final, logo do terceiro,
ao estreitar a escaleira e se empinar.

Os dous relanzos que xa só faltaban
eran doce remanso de ledicia,
con macetas de plantas ben frondosas
a enredaren nos muros de cal áspera.

A lámpada de applique na parede,
moi preto dunha fiestra acortinada,
víñase sobre o espazo da subida
ao cabo de tan longo pasamán.



*... e, sentada, Isabel co seu ganchiño
a falar con Ramón de cando en cando...*



Un amplo lucernario contra o teito
dáballe luz á entrada da vivenda.
Mínimo petador, un timbre e mira
que sentías mover cando agardabas.

Algo había, naquilo, de simbólico;
no ascender aquel dende a escuridade
ao brillar da razón e da cultura:
se cadra, un iniciático vieiro.

Cando accedías xa ao interior,
víaste nunha casa acolledora
de corredor pequeno, con alfombra,
de portas cristaladas abeirado.

A primeira da esquerda conducía
á saliña coa *mesa do braseiro*:
grosos faldróns, tapete transparente,
de redondo cristal despois cuberto.

A mesa arrimada á parede
con cadros e con fotos penduradas:
entre elas Rosalía, a sorrir,
e Castelao en riscos masidianos.

Por riba, cartas, os libros recentes,
a grampadora e mais o lapiseiro,
un cestiño de barro vernizado
e un moucho de cinzeiro, todo en bronce.

Á beira, con coxíns sobre a madeira,
dúas ou tres cadeiras, das de brazos,
e, darredor, repletas librerías
con obxectos encima colocados.

Diante de un, a saída a galería,
cun paso entre visillos e cortinas,
e, sentada, Isabel co seu ganchiño
a falar con Ramón de cando en cando...



*Novos seres anónimos relatam as súas vidas
nas mesas de madeira, baixo os arcos apuntados.*



*A Antón Avilés de Taramancos,
compañeiro na loita e na palabra
2002*

Voces resacas vagan polo aire do silencio.

Na soidade dos muros, gardadores de conversas,
cánticos de esperanza esvaecen como soños.
Novos seres anónimos relatan as súas vidas
nas mesas de madeira, baixo os arcos apuntados.
A incerteza dos séculos na sombra das olladas...

Ti non estás naquel perdido espazo da túa Ítaca
—ámbito conquistado á volta de tantas partidas—
baleiro e sen presente, a te negar na realidade.
O resoar das palabras —a zumegarnos godello
sobre historias fantásticas de mozas verdadeiras—
non ecoa nas bóvedas que aguantan a túa ausencia.

As túas ilusións xa deron cabo nestas pedras
onde vibrou a patria, a liberdade, esta lingua
que poboaches de mundos recordados e distantes.
Tan só a vida escrita persiste sobre a memoria,
a vida escrita fiel apenas a canto vivimos,
ese dicir de soños e de amores e mentiras.

De fermosas mentiras: como crer na liberdade,
como imaxinar libre a nosa fala, as ideas
libremente expresadas por igual nos medios todos,
e este dereito a sermos cando tanto se nos nega.
Séculos aprendendo a non ser nós, pobo prohibido
sempre manipulado mesmo cando lle din libre.



*As túas ilusións xa deron cabo nestas pedras
onde vibrou a patria, a liberdade,
esta lingua que poboaches de mundos
recordados e distantes.*



As sandalias de Ulises percorreron estas lousas
á busca dunha patria á que chegar, dun templo ou casa
para todos aberta e comunal na nosa fala.
Os pasos de Villón, a vir do pasado, perdéronse
por estes soportais cara ao misterio derradeiro.
Hölderlin, Baudelaire, Rimbaud, Cunqueiro con Neruda,

o val do Cauca inmenso, Popaián, todo o Pacífico,
as noites fermosísimas de Cali... Un universo
de lembranzas e viaxes evocados na taberna,
a recreárense en poemas e máis poemas, con grandeza,
e entregárnolos por aqueles días luminosos
mentres seguía o tempo o seu fuxir dende o pretérito.



Índice

Limiar	10
I Esta noite ben quixera un corazón inmenso	15
<i>A Ramón Cabanillas. 1959</i>	
Na terra	21
<i>A Ramón Cabanillas. 1960</i>	
De súpeto a voz de Deus chamoute lonxe	23
<i>A Luís Pimentel. 1962</i>	
Alas de ausencia te abranguen	27
<i>A Rosalía Castro. 1963</i>	
Non houbo galos	29
<i>A Alexandre Bóveda. 1964</i>	
De novo voltas do teu alén de paisaxes mortas	31
<i>A Carlos Maside. 1964</i>	
A morte polos campos e as palabras	35
<i>A Antonio Machado. 1965</i>	
quero mirar a luz na que caíches	39
<i>A Che Guevara. 1967</i>	
Nesta chaira da noite pecha en Bastavales	41
<i>A Rosalía Castro. 1972</i>	



Non, a morte non é verdade	47
<i>A Castelao. 1974</i>	
Dende esta miña patria tan distante,	51
<i>A Pablo Neruda. 1975</i>	
Estrondan antigos dolmens	55
<i>A Ramón Otero Pedrayo. 1976</i>	
Nos cons da baixamar as gaivotas	59
<i>A Ramón Cabanillas. 1979</i>	
Baixo a terra dormes silandeiro	63
<i>A Aquilino Iglesia Alvariño. 1979?</i>	
Alguén pronunciou o teu nome	65
<i>A Luís Seoane. 1979</i>	
Polas sendas da alborada	69
<i>A Álvaro Cunqueiro. 1981</i>	
Porque xa non sei se esta terra é máis nada	71
<i>A Rafael Dieste. 1981</i>	
... pois que vés como a choiva e maina anegas	73
<i>A Rosalía Castro. 1985</i>	
¿Que ardentes espirais ou celosías	75
<i>A Reimundo Patiño. 1986</i>	
Nas sombras veu a neve ata as xunqueiras	77
<i>A Eusebio Lorenzo Baleirón. 1987</i>	
Como un escuro sol de viño tinto	79
<i>A Celso Emilio. 1988</i>	



¿Que gubias han tallar na cerna da tarde	83
<i>A Carlos Maside. 1988</i>	
Cando na tarde veña a ser lembranza	85
<i>A Celso Emilio. 1989</i>	
No alto da túa morte	87
<i>A Luís V.F. Pimentel. 1990</i>	
Se cadra, nese vento tan salgado	89
<i>A Antón Avilés. 1993</i>	
Como flores de trapo eran as horas	91
<i>A Eduardo Blanco Amor. 1993</i>	
Envolveita a palabra en luz escura	93
<i>A Manuel Cuña Novás. 1993</i>	
Volve a néboa ao xardín da casa antiga	95
<i>A Miguel González Garcés. 1994</i>	
Todo arredor, as rúas	97
<i>A Luís Mariño. 1996</i>	
a ennegrecer o vento	99
<i>A Roberto Blanco Torres. 1999</i>	
As neves courelás na fronte alzada	101
<i>A Uxío Novoneyra. 1999</i>	
Os velames izados contra o fondo da noite	103
<i>A Manuel Antonio. 2000</i>	
Non temos xa nin tempo	105
<i>A Manuel Luís Acuña. 2000</i>	



Da terra ao alén mar, lar de acollida, 107
A Manuel Curros Enríquez. 2001

A túa man describiu a terra amada 109
A Xavier Pousa. 2001

Na fin da rúa –en fronte– a casa alta 113
A Carlos Casares. 2002

Voces resecas vagan polo aire do silencio 117
A Antón Avilés de Taramancos. 2002

